

Un poema de *Fume de palla*

Reproducimos un poema de Alfredo Nan de Allariz incluído dentro do seu libro *Fume de palla*. Corresponde á obra escrita polo autor en Bos Aires.

Contidos:

- NAN DE ALLARIZ, Alfredo: *Fume de palla*, Imprenta y fotograbado Ferrer: A Coruña, 1909, p. 19-21.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Arquivo da Emigración Galega

O SOÑO DO EMIGRANTE

(A meu amigo D. Manuel Castro López, director do *Eco de Galicia* de Buenos Aires, onde pubriquei estes versíños que foron os primeiros que escribín).

Pensando n-a fortuna
que soña o emigrado
un día... ¡malí'á sorte!
pr'América embarquei,
y-ó zarpal-o buque
chorei, si, ¡malpocado!
pasaron vinte días,
y-â América cheguei.

Fai d'esto moitos anos,
mais, á fortuna aquela
con qu'eu soñei un día,
non vexo aparecer,
pois entran eiquí uns poucos,
é certo, con boa estrela,
pro, os mais can *estrelados*...
¡e non ll'ai que facer!

Si algún (d-os da boa estrela),
logrou en poucos anos
topar o maldecido,
metal de Belcebú,
eu só atopei tristuras
e croeles desinganos
que, á mais d-a doce calma,
roubaronm'á salú.

Y-ó verme así tan lonxe,
soliño, abandonado,
sin ter un alma amiga
qu'eiquí coide de min,
non soño co'a fortuna,
non quer'ó ouro soñado,
só soño c-o retorno
â terra onde nacín.

Alí terei ó menos
ó fin da miña vida
quén un amante bico
me poida ó morrer dar,
terei alí unha foxa,
n-a terra tan querida
en donde o sono eterno
eu poida descansar.

Buenos Aires, 1897.